| BOS FREELANCE LAUSINA ET | 4.000 € | S.A.T. SAN VICENTE DE NIVEIRO | VAL DO DUBRA | A CORUÑA |
| BOS SEPTEMBER CUMBIA | 6.600 € | S.A.T. A FARRAPA | NEGREIRA | A CORUÑA |
| BOS PRONTO EVERYTHING ET | 9.600 € | GANDERIA MANTEIGA, S.C. | VILA DE CRUCES | PONTEVEDRA |

TOTAL: 184.800 € | MEDIA: 6.600€

a subhasta en imaxes



XX CONCURSO AUTONÓMICO DA RAZA FRISONA "FEFRIGA 2011"

1. ORGANIZACIÓN

Organizado pola **Federación Frisona Galega** (Fefriga) e a **Fundación Semana Verde de Galicia**, coa colaboración das **Africores** e a **Consellería do Medio Rural**, celebrarase o **XX Concurso Autonómico da Raza Frisona "Fefriga 2011"**, entre os días 16 ó 19 de Xuño, nas instalacións do Recinto Feira Internacional de Galicia, en Silleda-Pontevedra.

2. FINS

Sendo a Feria Internacional Semana Verde de Galicia, escaparate onde se expoñen e promocionan os últimos adiantos da técnica agrícola e gandeira, os fins que se persiguen coa celebración destes certames son os seguintes:

- 2.1.** Estimular aos gandeiros na cría de animais de alta calidade xenética, capaces de producir e reproducirse durante moitos anos, como medio de rendibilizar as súas explotacións.
- 2.2.** Orientar aos gandeiros sobre as tendencias actuais de selección e mellora gandeira no ámbito Internacional.
- 2.3.** Poñer de manifesto o alto nivel xenético e morfolóxico dos animais criados en Galicia.
- 2.4.** Orientar aos nosos xóvenes cara unhas correctas e rendibles tarefas de selección, proporcionándolles coñecementos básicos para desenvolver as mesmas con éxito.
- 2.5.** Promocionar as ganderías participantes para que desta maneira poidan ocupar o lugar que lles corresponde no Mercado Nacional e Internacional de animais selectos.

3. COMISIÓN ORGANIZADORA

Corresponde a ésta, a organización e todo o relacionado cos certames e servizos inherentes aos mesmos, así como a aplicación do presente Regulamento.

4. XURADOS

Durante a celebración dos certames actuarán os seguintes xurados:

4.1. DE ADMISIÓN

O Xurado de admisión está composto por:

- D. Ramiro Fouz Dopacio** (Africor-Lugo)
- D. José Moreira Pardiñas** (Africor-Coruña)
- D. Julio Pérez Filloy** (Fundación Semana Verde)
- D. José Rodríguez López** (Africor-Pontevedra)

Serán misións específicas do Xurado de Admisión as seguintes:

- 4.1.1.** Colaborar co Servizo Veterinario de Inspección Sanitaria, para garantir que cada animal se presente coa documentación esixida.
- 4.1.2.** Revisar a documentación xenealóxica, a súa correspondencia cos animais presentados e cos datos que figuran na Cédula de Inscripción.
- 4.1.3.** Comprobar a preparación e presentación dos animais, e rexeitar aqueles que non alcancen o nivel mínimo esixido, dacordo co prestixio do concurso, e/ou que non teñan en regra toda a documentación.
- 4.1.4.** Velar polo cumprimento do disposto neste Regulamento e moi especialmente no que fai referencia aos apartados sobre benestar animal, informando de inmediato á Comisión Organizadora de calquera infracción que puidesen observar.
- 4.1.5.** Elevar propostas á Comisión Organizadora sobre cantas modificacións ou medidas consideren necesarias para o mellor desenvolvemento dos concursos e actividades.

4.2. DE ADMISIÓN

Estará composto por un só Xuíz, a quen acompañará un axudante de pista, coa fin exclusiva de facilitarlle as listas do gando concursante, preparar a constitución das seccións e suministrarlle cantos datos solicite do gando concursante.

Por acordo da comisión organizadora, os concursos serán xulgados por **D. BRYAN CARSCADDEN, Xuíz Internacional da Holstein Association of Canadá**. Serán misións do Xuíz:

- 4.2.1.** A eliminación de pista en cada sección, se procede, daqueles animais que non reúnan as condicións mínimas para o seu xulamento.
- 4.2.2.** Clasificación do resto de animais en cada sección por orde de méritos morfolóxicos, quedando finalmente colocados na pista segundo o devandito orde.
- 4.2.3.** Outorgamento dos premios, mencións honoríficas e campionatos que especifica o Programa.
- 4.3.** Por parte da Entidade Organizadora, facilitarase aos Xurados cantos medios sexan precisos para mellor realización do seu traballo.
- 4.4.** O xurado terá amplas facultades para incluír en seccións distintas aos exemplares que, con arreglo ao Programa do certame, estean situados naquelas que non lles corresponda por razón de idade.
- 4.5.** O xurado non poderá crear novos premios sobre os que figuren nas seccións correspondentes do Programa, nin outorgar os que puidesen quedar desertos, sen autorización da Comisión Organizadora.
- 4.6.** De igual xeito, se o Xurado considera que nalgunha sección os animais presentados non merecen ser premiados, poderá deixar deserto un, varios ou a totalidade dos premios que a devandita sección ou seccións teñen previstos no Programa.
- 4.7.** Unha vez clasificados e premiados os animais de cada sección, o Xurado redactará e firmará a acta correspondente (por triplicado), onde figurarán os animais premiados por orde de categorías.
- 4.8.** As decisións do Xuíz cualificador serán inapelables.
- 4.9.** Todas aquelas cuestións que excedan ás competencias do Xurado de Admisión e/ou do Xuíz Cualificador, así como calquera incidencia que se presente e non estea prevista neste Regulamento, ou as dúbidas que puidesen existir na interpretación do mesmo, serán resoltas pola Comisión Organizadora do Certame.

5. PARTICIPACIÓN

5.1. Poderán participar neste Certame todas as explotacións de Galicia con animais inscritos no Libro Xenealóxico da Raza Frisona Española, facendo a correspondente solicitude á "FEDERACION FRISONA GALEGA".

5.2. Só se imporán limitacións en canto ao número de exemplares a presentar, cando as solicitudes rebasen as posibilidades de aloxamento de animais, en cuio caso, e tendo en conta de que se trata dun concurso de gando leiteiro, darase preferencia as ganderías que concurren con animais adultos.

5.3. Inscripción de animais: para a inscrición de animais establécese o seguinte procedemento:

5.3.1. Cédula de inscrición: a organización proveerá da correspondente cédula de inscrición, que, unha vez cumplimentada e asinada deberá ser remitida a: Federación Frisona Galega (FEFRIGA) – Rúa Melide, 25-27 Baixo – 15705 Santiago – A Coruña; o a: Fundación Semana Verde de Galicia – Recinto Feiral, s/n – 36540 Silleda – Pontevedra.

5.3.2. Cota de inscrición: A fin de evitar que se reserven prazas que despois non son utilizadas establécese unha cota/fianza de inscrición de 40 € por animal que deberá de ingresarse na conta de Caixa Nova - Silleda nº 2080 0062 16 0040005811 en concepto "Concursos Frison 2011" a nome da Fundación Semana Verde.

5.3.2.1.- Igualmente, toda praza non reservada e que, -sen autorización expresa da organización,- sexa ocupada por unha gandería participante seralle facturada a razón de 40 €/ praza.

5.3.3. En caso de animais "dubidosos" o gandeiro poderá inscribir, sen cargo, ata un 30% de animais a maiores dos que en principio, desexe presentar. A reserva de prazas realizarase en base ó nº de animais polos que o gandeiro deposite a fianza non polo total dos inscritos (ver cédula de inscrición).

5.3.4. Só se considerarán inscritos, aqueles animais, cuios propietarios adxunten á cédula de inscrición, o correspondente xustificante bancario conforme teñan abonado a cota/fianza de inscrición.

5.3.5. A Fundación Semana Verde abonará a cada gandeiro participante no certame a cantidade de 50 € por animal presentado.

5.3.6. Non se devolverá a cota/fianza de inscrición de aqueles animais que, salvo caso de forza maior non sexan presentados.

5.4. O prazo de admisión de solicitudes finalizará o día 16 de Maio de 2011.

6. CONDICIÓN XERAIS

6.1. O gando concursante procederá de explotacións de Galicia inscritas no Libro Xenealóxico da Raza Frisona.

6.2. Será condición indispensable que todos os animais concursantes (nacionais ou importados) estean inscritos no Libro Xenealóxico da Raza Frisona Española o cal se acreditará coa presentación do correspondente Certificado de Rexistro, igualmente os importados ou mercados en ganderías de fóra de Galicia, deberán de figurar a nome da explotación que os presente, con, polo menos 40 días de antelación á celebración do certame, o cal se acreditará coa presentación do correspondente certificado de rexistro.

6.3. As Cartas Xenealóxicas ou Certificados de Rexistro, unha vez examinadas e feitas as comprobacións oportunas polo Comité de Admisión, serán devoltas aos propietarios ou encargados do gando, que nes deberán presentalas no caso de que lles foran requeridas dende a organización por calquera motivo.

6.4. Como data de referencia para o encadramento dos animais nas diferentes seccións do programa, tomarase o día 31 de Maio de 2011.

7. CONDICIÓN SANITARIAS

As condicións de índole sanitaria esixidas ás explotacións e aos animais para ser admitidos ao Recinto do certame, son as seguintes:

7.1. Procedencia

Todos os animais deberán proceder dunha explotación situada nunha zona indemne de epizootias de declaración obligatoria para as especies receptivas que concurren ao evento. Así mesmo, os animais procederán de explotacións ou zonas que non sexan obxecto de ningunha medida de prohibición por motivos de policía sanitaria e serán transportados en vehículos ou xaulas desinfectados antes da carga, debendo presentarse o correspondente Certificado de Desinfección.

7.2. Identificación

Os animais que concurren ao evento deberán estar identificados individualmente, mediante tatuaxe e/ou crotal auricular ou outros sistemas autorizados con arreglo ao Real Decreto 205/1996, sobre identificación e rexistro dos animais das especies porcina, ovina e caprina, ao Regulamento (CE) 1760/00, sobre identificación e rexistro dos animais da especie bovina e á vixente normativa comunitaria, segundo as especies, e cuia relación se reflexará na correspondente Documentación Sanitaria.

7.3. Documentación sanitaria

Todas as partidas de animais irán provistas da seguinte documentación sanitaria:

7.3.1. Guía de Orixe e Sanidade Pecuaría e Certificado Oficial expedido pola correspondente Xefatura de Sanidade e/ou Producción Animal ou Unidade Veterinaria Competente da respectiva Comunidade Autónoma, no que se acredite o cumprimento dos requisitos sanitarios que para cada especie se sinalan no apartado 7.4.

7.3.2. O gando vacun, procedente da Comunidade Autónoma Galega poderá asistir acompañado do documento oficial de calificación sanitaria da explotación, no que figuren rexistrados os animais obxecto de traslado.

7.4. Normas de Carácter Específico

Só poderán concurrir ao evento os animais procedentes de Explotacións Oficialmente Indemnes de Tuberculose, Oficialmente Indemnes de Brucelose e que procedan de rebaños oficialmente Indemnes de Leucose Enzoótica Bovina, y libres de Perineumonía Contagiosa Bovina.

Ademais, dentro dos 30 días anteriores á celebración do evento, os animais da especie bovina que participen na mesma, deberán cumprir os seguintes requisitos:

7.4.1. Os maiores de 6 semanas de idade, deseen resultado negativo a unha proba de diagnóstico da Tuberculose segundo o anexo I del R.D.2611/96 modificado polo R.D.1047/2003.

7.4.2. Os maiores de 12 meses, presentasen un resultado favorable a unha das probas de diagnóstico da Brucelose bovina dacordo ao anexo II del R.D.2611/96 modificado polo R.D.1047/2003.

7.4.3. Os animais maiores de 12 meses, deran un resultado favorable a unha das probas de detección da Leucose Enzoótica Bovina das comprendidas no anexo III do R.D.2611/96. Esta proba non será necesaria en caso de proceder dun Territorio, Rexión ou Estado Indemne da Leucose Enzoótica Bovina.

7.4.4. Tuveran resultado negativos á proba serolóxica fronte ao antixeno de Campbell e Turner (Decisión 90/208/CEE) para a detección de Perineumonía Contaxiosa Bovina.

7.4.5. Tuveran resultado negativos ás probas serolóxicas de detección do antixeno da Diarrea Vírica Bovina (BVD), realizadas nun laboratorio oficial.

7.4.6. Os animais maiores de 24 meses, tuveran resultado negativos ás probas para a detección de anticorpos fronte a Mycobacterium avium paratuberculosis (Paratuberculosis), realizadas nun laboratorio oficial.

7.4.7. Para poder ser vendidos, os animais que asistan ao certame con fins de venda, deberán presentar un resultado negativo ás probas para a detección de anticorpos fronte á glicoproteína gE da Rinotraqueítis Infecciosa Bovina e a Neosporose Bovina, realizadas nun laboratorio oficial.

7.4.8. Igualmente, recoméndase aos gandeiros participantes, a vacinación fronte a IBR, cunha vacina marcada, de todos os animais que presenten ao certame.

7.5. Verificación e inspección

7.5.1. A verificación da documentación sanitaria, correrá a cargo dos Veterinarios designados pola Consellería do Medio Rural. Así mesmo, o personal asignado a este servizo será o encargado da emisión das guías ou documentación sanitaria que ampare aos animais na viaxe de retorno.

7.5.2. Aqueles animais que presenten síntomas de calquera enfermidade, ou os que carezan dalgún dos documentos ou requisitos sanitarios esixidos no regulamento sanitario sobre participación de animais a concursos, subastas e exposicións, non serán autorizados a entrar no recinto feiral.

7.6. Medidas específicas en relación coa lingua azul

7.6.1. Os animais non presentarán signos clínicos de lingua azul o día do seu transporte.

7.6.2. Os animais de máis de tres meses de idade procedentes de zonas restrinxidas deberán estar vacinados fronte ó serotipo 1, sendo o prazo máximo de validez para realizar o movemento de 18 meses a partir da última dose aplicada.

7.6.3. Os animais deberán permanecer durante todo o tempo que dure o evento, nas instalacións nas que se leve a cabo un adecuado protocolo de desinsectación.

8. TRANSPORTE DE GANDO

8.1. Aboaranse facturas de transporte, previa comunicación do servizo á organización. A tal efecto estableceranse as rutas de recollida máis apropiadas debendo respetarse as mesmas. No caso contrario, compensarase o custo do transporte sempre que non supere a cantidade de 0,30€ por vaca ou 0,12€ por xovenca ou becerra respectivamente e Kilómetro de distancia percorrido entre a Gandeiría de orixe e o Recinto Feiral, computándose só a ida.

8.2. É obrigatorio que os vehículos que transporten o gando estean debidamente desinfectados e que o xustifiquen co correspondente TALÓN DE DESINFECCIÓN.

9. ENTRADA DE GANDO

9.1. A entrada do gando **realizarase entre as 10.00 do día 15 e as 10.00 horas do día 16 de Xuño**, non tendo dereito a entrar os animais que sexan presentados despois da citada hora.

9.2. A autorización de entrada do gando nas naveas realizarase previa presentación e comprobación da documentación sanitaria esixida. Unha vez admitidos, os animais concursantes deberán, **OBIGATORIAMENTE**, ocupar as prazas que para eles están reservadas na área do Concurso; aqueles animais que non cumpran con estes requisitos perderán o seu dereito a participar así como todas as axudas ás que, como gando Concursante, teñan dereito.

9.3. Unha vez aloxados os animais nas prazas que a Organización lles asigne, procederase á comprobación da súa documentación Xenealóxica (Certificado de Rexistro). Non se autorizará a participación nos concursos a aqueles animais que carezan da devandita documentación ou estea incompleta, obrigando aos seus propietarios a retiralos da área reservada a concursantes.

9.4. Unha vez admitidos, os animais presentados non poderán ser retirados do recinto ata finalizado o Certame salvo caso de enfermidade, accidente ou forza maior que así o aconselle.

9.5. A custodia e manexo dos animais así como a súa presentación en pista, correrá a cargo dos seus propietarios, se ben, a organización procurará facilitarlles, no posible, estes cometidos.

9.6. Para axilizar as tarefas de lavado, **PROHÍBESE EXPRESAMENTE** que as áreas destinadas a este cometido permanezan ocupadas por outros animais distintos aos que os respectivos cuidadores estean lavando en cada momento.

10. SEGURO

10.1. A feira proveerá aos animais participantes dun seguro que cubra os riscos de accidentes ou enfermidades producidos como consecuencia da súa participación no concurso exposición.

10.2. O mencionado seguro cubrirá os riscos descritos, durante o período de tempo comprendido entre os días **14 e o 30 de Xuño**.

10.3. Para ter dereito ao cobro da indemnización pertinente, o propietario dun animal enfermo ou accidentado, deberá comunicar inmediatamente á organización, o número de Rexistro Xenealóxico e cadro clínico que presente, para que ésta poida facer as comprobacións necesarias e se o considerase oportuno, ordenar o seu sacrificio, para evitar sufrimentos innecesarios.

10.4. Só se consideran amparados polo seguro aqueles animais que figuren na cédula de inscrición.

10.5. Para a valoración dos animais a efectos de seguro, adoptarase o seguinte Baremo:

| | |
|---|----------------|
| Becerras menores de 1 ano | 1.500 € |
| Xovencas de 12 a 18 meses | 2.000 € |
| Xovencas de máis de 18 meses ... | 2.500 € |
| Vacas de máis de 2 anos | 3.200 € |
| Vacas calificadas MB ou máis | 4.500 € |

Para as femias xestantes de máis de 3 meses contratarase unha póliza complementaria que cubra os riscos de aborto. Só terán dereito a esta cobertura os animais que veñan reseñados na Cédula de Inscrición como xestantes. A indemnización será o 25% do valor asegurado.

11. ALIMENTACIÓN E LIMPEZA

11.1. A organización facilitará as cantidades de alfalfa, penso, polpa de remolacha e mestura para vacas de leite, necesarios para a alimentación dos animais.

11.2. Suministrarse a todos os participantes palla en cantidade suficiente para as camas do gando exposto, o suministro realizarase diariamente ao peche da feira.

11.3. O recambio das camas correrá a cargo dos expositores, este **DEBERÁ SER REALIZADO DURANTE AS HORAS EN QUE PERMANEZA PECHADO AO PÚBLICO O RECINTO FEIRAL E SEMPRE ANTES DAS 8.00 HORAS**.

11.4. Os participantes aceptan expresamente, -para facilitar as tarefas de limpeza,- o depositar a palla e o esterco, **EXCLUSIVAMENTE NAS CARRETAS E/OU CONTENEDORES** destinados a esta fin.

11.5. O lavado e pelado dos animais realizarase nos puntos que a organización determine e dispoña para este menester, quedando expresamente prohibido o realizalo fóra das devanditas áreas.

12. CARTEIS

Autorízase ás gandeirías participantes, o uso de dous tipos de carteis, (de gandeiría e de identificación) estes deberán estar colocados na parte dianteira das prazas que ocupan os animais, e sempre sen rebasalas. A altura dos mesmos nunca será superior a 1 m.

12.1. GANDEIRÍA

Nel poderá figurar o nome da Gandeiría ou Empresa propietaria dos animais expostos. No caso de gandeiros particulares e que se presenten a Concurso como Asociación, Cooperativa, S.A.T., etc, poderá figurar o nome da mesma.

12.2. IDENTIFICACIÓN

A feira proveerá ás Gandeirías participantes, os correspondentes carteis de identificación para cada un dos animais expostos, nos que figurará:

NOME DO ANIMAL; CUALIFICACIÓN; N° N° R°; PAI; NAI PROPIETARIO (*); PAÍS DE ORIXE

(* En caso de animais propiedade de varios gandeiros, só poderá figurar o nome da Sociedade propietaria ou da explotación en que se atopa o animal.

13. PREPARACIÓN DOS ANIMAIS

13.1. Os animais serán preparados da maneira máis natural posible evitando prácticas e/ou produtos que poidan afectar á súa saúde, benestar e/ou morfoloxía.

13.2. O enchido e/ou balanceado das ubres realizarase de maneira natural, en base ao leite que produce o propio animal, estando expresamente prohibida a utilización de calquera produto ou substancia que poida alterar o seu aspecto.

13.3. A fin de asegurar o cumprimento do disposto no punto anterior, os propietarios dos animais clasificados 1º, 2º e 3º de cada unha das seccións individuais, están obrigados a presentalos na zona que se indique a fin de sometelos ao escaneado da ubre.

13.4. Durante a celebración do certame, a organización poderá ordenar a realización do escaneado da ubre de calquera vaca presente no Recinto Feiral.

13.5. O non presentar un animal para sometelo ao Scanner da ubre ou o negarse a que se lle realice a devandita proba, dará lugar a súa descalificación e a perda de todos os premios e títulos conseguidos, os cales serán asignados ao seguinte animal clasificado.

14. PRESENTACIÓN DO GANDO EN PISTA E EXHIBICIÓNS

14.1. A presentación do gando en pista, cantas veces sexan necesarias para a súa calificación, así como a súa participación nas exhibicións que determine a organización, será obrigatoria, debendo ser conducido polos propietarios, presentadores e/ou persoal ao seu cargo.

14.2. Será obrigatorio para todos os manexadores que presenten gando en pista, ir uniformados con **CAMISA E PANTALÓN BRANCOS**.

14.3. Os animais que non sexan presentados a pista no momento que sexan requeridos para o seu xulgamento serán descalificados.

14.4. Para mellor control dos traballos de cualificación, así como para orientación do público en xeral, os animais estarán debidamente identificados con números correlativos, que coincidirán cos do Catálogo do Concurso.

14.5. Para poder establecer unha correcta valoración dos animais, a orde de saída a pista será asignado por riguroso orde de idade empezando sempre polos animais máis xóvenes de cada sección.

15. ASISTENCIA SANITARIA

Durante a celebración do Certame funcionará no recinto feiral unha clínica veterinaria con servizo gratuíto durante as 24 horas do día, á que poderán acudir cantos expositores o precisen, para a atención do seu gando.

16. AXUDAS E INCENTIVOS Á PARTICIPACIÓN

16.1. Todos os animais colocados en 1º lugar das respectivas seccións, así como os campións e subcampións nos distintos campionatos, serán **grafados gratuitamente** por Sylvie Gouin, fotógrafa oficial do concurso.

16.2. XENÉTICA DE FONTAO concederá ao animal, -fillo de touros do centro,- mellor clasificado en cada sección individual o seguinte premio:

| | |
|---|--------------|
| Becerras (seccións 1, 2, 3 e 4) | 100 € |
| Xovencas (seccións 5, 6 e 7) | 200 € |
| Vacas (seccións 11, 12, 13, 14, 15 e 16) | 300 € |


Igualmente agasallará a todas as Gandeirías participantes, con **2 doses de XACOBEO**. Ademais, aquelas que participen con 2 ou máis animais, recibirán:

2 doses de BOER

2 doses de MAGREBÍ

2 doses de DANCER

16.3. Entre as ganderías concursantes sortearanse **2 lotes de 2 EMBRIONS de Bos Lomax ANGELS MB85 (1ºp.) 11 xeracións MB/EX, por Crackholm FEVER** procedentes do Programa que **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL e FEDERACIÓN FRISONA GALEGA** desenvolven na Finca de BOS. Os boletos para dito sorteo serán asignados a razón de **un por cada becerra, dous por cada xovenca e tres por cada vaca presentadas a concurso.**



16.4 Todas as ganderías recibirán un agasallo-recordo dos concursos.

17. PREMIOS, TROFEOS E TÍTULOS

Todos os gandeiros expositores recibirán os diplomas, trofeos, escarapelas e estandartes que se mencionan nas diferentes seccións do programa.

17.1. SECCIÓNS Escarapela aos 5 primeiros animais clasificados. Igualmente, aos 3 primeiros concederánselles os premios en metálico seguintes:

| | Xovenças | Vacas |
|----|----------|-------|
| 1ª | 50 € | 100 € |
| 2ª | 40 € | 75 € |
| 3ª | 30 € | 50 € |

17.1.1. Ademais dos premios indicados, en cada unha das seccións de vacas en lactación (11, 12, 13, 14, 15 e 16) concederáse o título de Mellor Ubre (escarapela).

17.2. CAMPIONATOS Estandarte e os premios en metálico seguintes:

Campiona 150 € - Subcampiona 75 €

17.3. GRANDES CAMPIONATOS Estandarte, trofeo e un lote de 2 embrións.

Xovenca Gran Campiona

Vaca Gran Campiona



TARA MB88 2ºp. x LAUTHORITY



LUBA EX x SANCHEZ

17.3.1. Igualmente, nos grandes Campionatos (Sec. 10 e 20) outorgarase estandarte á Xovenca e á Vaca "Gran Campiona Reserva" e "Mención de Honra".

17.4. MELLOR CRIADOR Estandarte e os lotes de embrións seguintes:

Mellor Criador

Segundo Criador



ANIA MB87 x FEVER



ROSE MB87 2º p. x FEVER

17.5. MELLOR MANEXADOR

Concederase este título ao Manexador que ao longo de todo o Certame demostre maior habilidade e profesionalidade no manexo e presentación de animais en pista.

18. DISPOSICIÓNS FINAIS

18.1. En caso de que, nalgunha sección non se presentaran máis de 3 animais, a sección será anulada e os animais nela inscritos serán, -dependendo da súa idade,- incluídos na sección anterior ou posterior.

18.2. As decisións do Xuí serán inapelables, polo tanto a participación nos certames supón acatalas respetuosamente.

18.3. A Comisión Organizadora decidirá sobre todos aqueles asuntos non contemplados no presente regulamento, así mesmo interpretará e decidirá, de maneira inapelable, sobre todas aquelas cuestións que se poidan plantexar na interpretación do mesmo.

18.4. A participación supón a aceptación de todas as normas e preceptos recollidos neste regulamento.

SECCIÓNS DO CONCURSO

SEC. 1: BECERRAS DE 4 A 7 MESES

Son as femias nadas entre o día 1 de Outubro de 2010 ó 31 de Xaneiro de 2011.

SEC. 2: BECERRAS DE 8 A 10 MESES

Son as femias nadas entre o día 1 de Xullo de 2010 ó 31 de Setembro de 2010.

SEC. 3: BECERRAS DE 11 A 13 MESES

Femias nadas entre o día 1 de Abril de 2010 e o 30 de Xuño de 2010.

SEC. 4: BECERRAS DE 14 A 16 MESES

Femias nadas entre o día 1 de Xaneiro de 2010 e o 31 de Marzo de 2010.

SEC. 5: XOVENCAS DE 17 A 19 MESES

Son as femias, nadas entre o día 1 de Outubro de 2009 e o 31 de Decembro de 2009.

SEC. 6: XOVENCAS DE 20 A 22 MESES

Son as femias non paridas nadas entre o 1 de Xullo e o 31 de Setembro de 2009.

SEC. 7: XOVENCAS DE 23 A 26 MESES

Son as femias non paridas nadas entre o 1 de Marzo e o 30 de Xuño de 2009.

SEC. 8: BECERRA CAMPIONA DE GALICIA

Competirán as dúas primeiras femias, clasificadas nas seccións 1ª, 2ª, 3ª e 4ª. Concederanse os títulos de "BECERRA CAMPIONA DE GALICIA e SUBCAMPIONA DE GALICIA 'FEFRIGA 2011'".

SEC. 9: XOVENCA CAMPIONA DE GALICIA

Competirán as dúas primeiras femias, clasificadas nas seccións 5ª, 6ª e 7ª. Concederanse os títulos de "XOVENCA CAMPIONA DE GALICIA e SUBCAMPIONA DE GALICIA 'FEFRIGA 2011'".

SEC. 10: XOVENCA GRAN CAMPIONA DE GALICIA

Competirán a Campiona e Subcampiona da sección 8 (Becerra Campiona) e 9 (Xovenca Campiona). Outorgaranse os títulos de "XOVENCA GRAN CAMPIONA, RESERVA GRAN CAMPIONA e MENCIÓN DE HONRA 'FEFRIGA 2011'".

SEC. 11: VACA XOVEN LACTACION ATA 30 MESES

Son as femias en lactación, nadas a partir do día 1 de Decembro do 2008 inclusive.

SEC. 12: VACA XOVEN LACTACION DE 31 A 36 MESES

Son as femias en lactación, nadas entre o día 1 de Xuño e o 30 de Novembro de 2008.

SEC. 13: VACA INTERMEDIA EN LACTACION (3 ANOS)

Son as femias en lactación, nadas entre o día 1 de Xuño de 2007 e o 31 de Maio de 2008.

SEC. 14: VACA INTERMEDIA LACTACIÓN 4 ANOS

Son as femias en lactación, nadas entre o día 1 de Xuño de 2006 e o 31 de Maio de 2007.

SEC. 15: VACA ADULTA LACTACIÓN DE 5 ANOS

Son as femias en lactación, nadas entre o día 1 de Xuño de 2005 e o 31 de Maio de 2006.

SEC. 16: VACA ADULTA LACTACIÓN DE 6 ANOS OU MÁIS

Son femias en lactación, nadas antes do 1 de Xuño de 2005.

SEC. 17: VACA XOVE CAMPIONA DE GALICIA

Competirán as dúas primeiras femias, clasificadas nas seccións 11ª e 12ª. Concederanse os títulos de "VACA XOVE CAMPIONA DE GALICIA e SUBCAMPIONA DE GALICIA 'FEFRIGA 2011'".

SEC. 18: VACA INTERMEDIA CAMPIONA DE GALICIA

Competirán as dúas primeiras femias, clasificadas nas seccións 13ª e 14ª. Concederanse os títulos de "VACA INTERMEDIA CAMPIONA DE GALICIA e SUBCAMPIONA DE GALICIA 'FEFRIGA 2011'".

SEC. 19: VACA ADULTA CAMPIONA DE GALICIA

Competirán as dúas primeiras femias, clasificadas nas seccións 15ª e 16ª. Concederanse os títulos de "VACA ADULTA CAMPIONA DE GALICIA e SUBCAMPIONA DE GALICIA 'FEFRIGA 2011'".

SEC. 20: VACA GRAN CAMPIONA DE GALICIA

Competirá a Campiona e Subcampiona das seccións 17ª, 18ª e 19ª. Outorgaranse os títulos de "VACA GRAN CAMPIONA DE GALICIA, RESERVA GRAN CAMPIONA e MENCIÓN DE HONRA 'FEFRIGA 2011'".

SEC. 21: MELLOR CRIADOR DE GALICIA

Competirán grupos de tres femias nadas nunha mesma explotación de Galicia, aínda que na actualidade sexan propiedade doutros gandeiros. Concederanse os títulos de "MELLOR CRIADOR e SEGUNDO CRIADOR DE GALICIA 'FEFRIGA 2011'".

XXVII CONCURSO DE XÓVENES MANEXADORES "MEMORIAL LUIS LOUZAO"

BASES DO CONCURSO

CONDICIÓNS XERAIS

1.- O Concurso celebrarase o **19 de Xuño ás 12:00 horas** no Recinto Feiral de Silleda.

2.- **Ás 11:00h.** e antes do Concurso, **terá lugar unha Demostración de Manexo** para todos os presentes e en especial para os participantes neste Concurso.

3.- Nel poderán participar todas aquelas persoas que o desexen, sen límite de idade.

4.- Dada a diferenza de idade entre os posibles participantes, establécense as seccións según se indica no punto 5.

5.- SECCIÓNS:

Sección 1ª : Competirán xóvenes que teñan **entre os 21 e os 30 anos inclusive.**

Sección 2ª: Competirán mozos con idades comprendidas **entre os 16 e os 20 anos inclusive.**

Sección 3ª: Inclúe a mozos con idades comprendidas **entre os 10 e os 15 inclusive.**

Sección 4ª: Nela participarán rapaces **menores de 9 anos.**

Sección 5ª - CAMPIONATO: Competirán polos títulos de CAMPIÓN e SUBCAMPIÓN Manexador SEMANA VERDE 2011, os dous primeiros clasificados nas seccións 1, 2 e 3.

6.- As seccións serán xulgadas empezando polos manexadores de máis idade, permitindo así, que os máis novos poidan aprender as técnicas que os maiores empregan.

7.- No caso de que algunha sección teña menos de 3 participantes, serán incluídos na sección anterior ou posterior, en función da súa idade.

8.- Tomarase como data de referencia para determinar a idade dos concursantes o 31 de Maio.

9.- Sendo o obxectivo do concurso, o de formar e estimular aos mozos nas tarefas de doma, manexo e presentación do gando, cada participante estará obrigado a preparar o animal co que vaia concursar.

10.- Os máis novos poderán ser axudados nos traballos mencionados (punto 9) polos colaboradores do Clube que se atopen no recinto.

11.- Os concursantes nas seccións 3 e 4 (punto 5) só poderán participar con animais inscritos nas seccións do Concurso de frisón.

12.- Os concursantes nas seccións 1 e 2 só poderán competir exclusivamente con xovenças.

CONDICIÓNS DE PRESENTACIÓN

No momento de presentación dos animais en pista, cada manexador deberá:

13.- Obligatoriamente, ir uniformado con **CAMISA E PANTALÓN BRANCOS.**

14.- Comprobar que o animal que vai exhibir estea perfectamente limpo e en condicións para saír a pista.

15.- Estar atento ás instrucións que se dean e presentarse puntualmente en pista, cando e cantas veces sexa requirido.

16.- Unha vez na pista, estar atento en todo momento, ás indicacións do xuíz e actuar, correcta e rapidamente, dacordo ás mesmas.

- 17.- Manter en todo momento ao animal baixo control, procurando non distraer nin molestar a outros concursantes.
- 18.- Estar preparado para responder a calquera pregunta que o xuíz poida facerlle con respecto ao animal que conduce (idade, país, etc).
- 19.- Recordar que unha sección non rematou ata que o xuíz o indique, xa que logo, toda colocación será provisional ata o devandito momento.
- 20.- Aceptar deportivamente as decisións do xuíz, mantendo en todo momento unha actitude correcta e respectuosa.

XULGAMENTO

O xulgamento do Concurso de Xóvenes Manexadores correrá a cargo de **D. Brian Carscadden, Xuíz Internacional da Holstein Association of Canadá. Serán misións deste xuíz:**

- 21.- Valorar as habilidades dos manexadores (doma e presentación) sen ter en conta as características morfolóxicas dos animais que presenten.
- 22.- Xulgar cada sección por separado.
- 23.- Dar as explicacións do por que da colocación en cada unha das seccións, xulgadas, procurando aconsellar aos mozos como mellorar a súa técnica.
- 24.- Proceder á colocación final dos manexadores, tendo en conta as tres premisas básicas que estes deben observar (preparación do animal, técnica de presentación e actitude demostrada en pista, tanto cara aos seus compañeiros como ás indicacións do xuíz).
- 25.- As decisións do xuíz serán inapelables, xa que logo, a participación implica a aceptación das mesmas.

PREMIOS

- 26.- Outorgaranse escarapelas aos 3 primeiros clasificados das seccións 1, 2 e 3.
- 27.- No Campionato (sección 5), concederanse os seguintes premios:
Campión: 250€ e trofeo do Clube de Xóvenes Gandeiros.
Subcampión: 200€ e trofeo do Clube de Xóvenes Gandeiros.
Reserva: 150€.
- 28.- Sección 4: xóvenes menores de 9 anos: concederase escarapela e un obsequio a tódolos participantes.
- 29.- Concederase un premio dotado con 200€ ó mellor grupo ou asociación participante.
- 30.- Os puntos acadados por socios do Clube de X. G. G. neste concurso, serán acumulativos para o TORNEO-PUNTUABLE 2011.
- 31.- O TORNEO-PUNTUABLE 2011 DE PREPARADORES E PRESENTADORES DE GANDO, rexirase polas normas recollidas no seu propio regulamento (publicado na páxina web: www.xovenesgandeiros.com).

DISPOSICIÓN FINAIS

- 32.- A participación supón a aceptación de tódalas normas contidas no presente regulamento.
- 33.- A comisión organizadora decidirá sobre todas aquelas cuestións que se puidesen suscitar na interpretación do regulamento, ou que non estivesen recollidas no mesmo.

CONCURSO PATROCINADO POR:



IV CONCURSO DE XÓVENES PREPARADORES "SEMANA VERDE 2011"

BASES DO CONCURSO

CONDICIÓN XERAIS

- 1.- O Concurso celebrárase o **día 17 de Xuño ás 11:00 horas** no Recinto Feiral Semana Verde.
- 2.- Nel poderán participar todos aqueles xóvenes de Galicia e/ou socios do Clube que o desexen e a súa idade non exceda dos 30 anos inclusive.
- 3.- Por necesidades de espazo e organizativas, o prazo de inscrición rematará o día 16 de Maio de 2011, non tendo dereito a participar aqueles xóvenes que se inscriban con posterioridade a dita data.
- 4.- En xeral, para o pelado INTEGRADO dos animais, cada participante disporá de 2 horas, non obstante, os participantes de 15 anos e menores dispoñan de 30 minutos suplementarios.
- 5.- A hora estipulada para o comezo do Concurso será para aqueles participantes que pola súa idade precisen as 2 horas e 30 minutos.
- 6.- Sendo o obxectivo do concurso, o formar e estimular ós xóvenes nas tarefas de doma, manexo e presentación de gando, cada participante estará obrigado a preparar (sen axuda externa) o animal co que vaia a concursar.
- 7.- Os concursantes participarán obrigatoriamente, con animais inscritos nas seccións do Concurso.

CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN

- 8.- Por razóns organizativas, as inscricións estarán formalizadas con un mes de antelación, a fin de dispor dos animais necesarios.
- 9.- Cada participante, terá que estar provisto e ter inscrito no concurso animal para o pelado.
- 10.- Os participantes que non dispoñan de animal propio para este concurso, serán que indicalo na súa inscrición e remítala á maior brevidade posible para poder asignarlle un exemplar.
- 11.- Os participantes poden solicitar calquera tipo de material ó Clube de Xóvenes Gandeiros no momento de formalizar a súa inscrición.

12.- Cada concursante terá que estar provisto de todo o equipo necesario para o pelado e a presentación do animais e todo este material será por conta do participante.

No momento de inicio do concurso os preparadores deberán:

- 13.- Presentarse á zona de Concurso co animal con que van participar así como todo o equipo de preparación e pelado.
- 14.- O animal con que se participe, debe de estar limpo, domado e sen ningunha rexión do seu corpo (cabeza, patas, rabo, pescozo, etc.) pelada.
- 15.- Manter en todo momento ó animal baixo control, procurando non distraer nin molestar a outros concursantes.
- 16.- Unha vez expirado o prazo concedido para o pelado e preparación (2,00 ó 2:30 Horas según a idade) todos os concursantes deberán deixar o animal nas condicións que se atope e recoller o seu material.
- 17.- Os participantes disporán de 15 minutos para uniformarse e presentarse na entrada de pista.
- 18.- Obrigatoriamente serán que sair co animal preparado á pista, uniformados de **PANTALÓN AZUL E CAMISA BRANCA.**
- 19.- Antes do xulgamento dos animais en pista o xuíz comentará e valorará cada preparador o traballo realizado, dándolles as explicacións e consellos que en cada caso proceda.

XULGAMENTO

20.- O xulgamento do Concurso de Xóvenes Preparadores correrá a cargo de un Comité formado por:

- Dn. Brian Carscadden, Xuíz Internacional da Holstein Association of Canadá.
- Dn. Bonet Cid Salgado, Presidente do Clube de Xóvenes Gandeiros de Galicia.
- Dn. Françesc X. Grau, Director-Xerente de Fefriga.

Serán misións deste Comité:

- 21.- Revisar previo comezo da competición que todos os animais non teñan ningunha parte do seu corpo pelada.
- 22.- Cumplimentar a Táboa de Valoracións estipulada para este fin, e que é a seguinte:

| VALOR | PARTES A PUNTUAR |
|---------|------------------------------|
| 5 max. | CABEZA- PESCOZO |
| 10 max. | LÍNEA DORSO-LUMBAR |
| 10 max. | BARRIGA |
| 7 max. | COSTELAR / CORPO |
| 5 max. | PATAS |
| 10 max. | VALORACIÓN XERAL DO CONXUNTO |
| | APARIENCIA XERAL |
| | REMATE FINAL |

23.- Avaliar o traballo individual que cada concursante teña feito na preparación e pelado, cumprimentando a Táboa de valoracións (punto 22).

24.- Colocar ós participantes e conceder a puntuación e premios, daccordo coas habilidades amosadas.

25.- Expoñer ante o público e concursantes as razóns e motivos polos que procederon á concesión dos premios e colocación dos concursantes.

26.- As decisións do Comité serán inapelables, por tanto, a participación implica acatalas e aceptalas con deportividade.

SECCIÓN

27.- Xulgaranse todos os participantes nunha única sección.

28.- A sección será xulgada no espazo destinado ó pelado e unha vez rematado, se exporán ó público no ring de concurso.

29.- A entrada en pista será por rigurosa orde de idade de menor a maior.

PREMIOS

30.- A suma de puntos na avaliación realizada polo Comité establecerá a clasificación final do Concurso.

31.- En base á mesma, outorgaranse os seguintes premios:

- Campión: escarapela, trofeo e 250 €.
- Subcampión: escarapela e 200 €.
- 3º clasificado: escarapela e 150 €.
- 4º clasificado: escarapela e 100 €.
- 5º clasificado: escarapela e 50 €.
- Resto de participantes: escarapela.

32.- Como contribución especial a este certame, o Clube de Xóvenes Gandeiros de Galicia, obsequiará con un trofeo ós Xóvenes Campión e Subcampión de Preparadores "Semana Verde 2011".

33.- Os puntos acadados por socios do Clube de X. G. G. neste concurso, serán acumulativos para o TORNEO-PUNTUABLE 2011.

34.- O TORNEO-PUNTUABLE 2011 DE PREPARADORES E PRESENTADORES DE GANDO, rexirase polas normas recollidas no seu propio regulamento (publicado na páxina web: www.xovenesgandeiros.com).

35.- A participación supón a aceptación de todas as normas contidas no presente regulamento.

36.- A Comisión Organizadora decidirá sobre todas aquelas cuestións que se puideran plantexar na interpretación do regulamento, ou que non estiveran recollidas no mesmo.

CONCURSO PATROCINADO POR:



XX Concurso de Gando Frisón Chantada '11

Chantada, Lugo, 6 de Marzo de 2011.

Xuíz: **D. Jordi Juanola Codina** (Xuíz Nacional de Conafe)

Ganderías participantes: 21. Animais participantes: 84

Xatas ata 8 meses

1ª) **Carteiro Spirte Letizia** (Carteiro – Carballedo)

Xata Subcampiona

Xatas de 8 a 10 meses

1ª) **Cid Spirite Orfa** (Cid - Barreiros)

XATA CAMPIONA

GRAN CAMPIONA DE XOVENCAS

Xatas de 11 a 13 meses

1ª) **Cid Laurin Marca** (Cid - Barreiros)

Xatas de 14 a 16 meses

1ª) **Carteiro Dolman Pantoja** (Carteiro - Carballedo)

Xovenças de 17 a 19 meses

1ª) **Pozosaa Jasper Paula** (Pozo – Lugo)

Xovenças de 20 a 22 meses

1ª) **Manteiga Goldwyn Valentine** (Manteiga - Vila de Cruces - PO)

XOVENCA CAMPIONA

2ª) **Calobro Xacobeo Valdeteja** (Calobro - Trabada)

Xovenca Subcampiona

Xovenças de 23 a 26 meses

1ª) **Rey 480 Juli Jasper** (Rei de Miñotelo - A Pastoriza)

Vacas en Lactación ata 30 meses

1ª) **Cid Rampage Red Macira Roja** (Cid - Barreiros)

Mellor Ubre

Vacas en lactación de 31 a 35 meses

1ª) **Rego Airraid Claudina 2485** (Rego - Láncara)

VACA NOVA CAMPIONA

Mellor Ubre

2ª) **Pozosaa Lheros Mikaela** (Pozo - Lugo)

Vaca Nova Subcampiona

Vacas en lactación de 36 a 41 meses

1ª) **Rey 454 Rosita Goldwyn** (Rei de Miñotelo - A Pastoriza)

Vaca Intermedia Subcampiona

Mellor Ubre

Vacas en lactación de 42 a 47 meses

1ª) **Rey 435 Diana Igniter** (Rei de Miñotelo - A Pastoriza)

Vaca Intermedia Subcampiona

Mellor Ubre

Vacas en lactación de 4 anos

1ª) **Cid Gibson Forxa** (Cid - Barreiros)

Vacas en lactación de 5 anos ou máis

1ª) **Cid Roy Muesle** (Cid - Barreiros)

VACA ADULTA CAMPIONA e Mellor Ubre

GRAN CAMPIONA DE VACAS

Mellor Criador

1º) **REI DE MIÑOTELO** - A Pastoriza

2º) **CID** - Barreiros

Mellor Rabaño

1º) **POZO** – Lugo

2º) **CID** – Barreiros

Concurso de Manexadores

Sección 1ª : Rapaces menores de 9 anos.

Jorge Cuñarro Vázquez Capón - Chantada - Lugo

Martín Gómez Vázquez Outeiro - Chantada - Lugo

Sección 2ª: Mozos entre os 10 e os 15 inclusive.

José Alberto Iglesia Vila Rei de Miñotelo - A Pastoriza - Lugo

Roi Capón Fernández Capón - Chantada - Lugo

Miguel Expósito Rodríguez SAT La Rinconada - Udalla - Cantabria

Sección 3ª Mozos entre os 10 e os 15 inclusive.

Jorge Vázquez Cuñarro Miñotelo Holstein - Chantada - Lugo

Marcos Osorio Noguero Fontestriz - Chantada - Lugo

Pablo Martíns García Perrelos - Chantada - Lugo

Sección 4ª: Persoas que teñan máis de 21 anos.

Alba Álvarez Núñez Casa Silvela - Vegadeo - Asturias

Jesús Manteiga Claro Manteiga - Vila de Cruces - Pontevedra

Santiago Filgueiras Pico S.A.T. Os Rapaces - Monfero - A Coruña

Sección 5ª - CAMPIONATO: Mellor e Segundo Mellor Manexador Chantada '11

Alberto Iglesia Vila **Campión**

Roi Capón Fernández **Subcampión**

I Concurso de Gando Frisón Arzúa 2011

Arzúa, A Coruña, 20 de marzo de 2011

Xuíz: **D. Jaime Serrabassa Vila** (Xuíz Internacional de Conafe)

Ganderías participantes: 29. Animais participantes: 82

Organizado por PROFRICO, AFRICOR-CORUÑA, Concello de Arzúa e Clube de Xóvenes Gandeiros de Galicia, e co apoio da Excmá Deputación da Coruña, os pasados días 5 e 6 de Marzo celebráronse en Arzúa o I Concurso de Gando Frisón, I Concurso de Xóvenes Manexadores e o I Concurso de Preparadores de Gando.

Coa nosa felicitación polo éxito e repercusión acadados, que-remos, dende esta páxina, transmitir a nosa noraboa ós pro-motores desta iniciativa, dar a benvinda a este novo concurso e desexarlle unha "vida" longa e fructífera en beneficio de todos os criadores de Frisón de Galicia.



Becerra Campiona

633 Calzada Volcan Dolman - Duro de Calzada-Arzúa



Xovenca Gran Campiona

Cesares Boeza Dancer - Cesares Holstein, SC - Lousame



Gran Campiona de Xovenca Chantada '11

Cid Spirite Orfa - Cid - Barreiros



Gran Campiona de Vacas Chantada '11

Cid Roy Muesle. Cid - Barreiros.

Becerras de 5 a 7 meses

1ª) **O Casal Xarda 7496 Xacobeo** (O Casal Vilar SAT - Touro)

Becerras de 8 a 10 meses

1ª) **Ferreiro Pucha Elegant** (Gand. Chousa-Nova, SC - Touro)

Becerras de 11 a 13 meses

1ª) **633 Calzada Volcan Dolman** (Duro de Calzada - Arzúa)

Becerra Campiona

Xovenca de 14 a 16 meses

1ª) **3286 Dalmiña de Riveira** (Granxa Riveira, SC)

Becerra Subcampiona

Xovenca de 17 a 19 meses

1ª) **Casa-Nova Dulce Laramee 740** (Casa Nova - Mesía)

Xovenca de máis de 20 a 22 meses

1ª) **Caneda Ruta Xacobeo** (Casa Caneda - Boqueixón)

Xovenca Subcampiona

Xovenca de máis de 23 a 26 meses

1ª) **Cesares Boeza Dancer** (Cesares Holstein, SC - Lousame)

Xovenca Campiona

XOVENCA GRAN CAMPIONA

Mellor Criador

1º) **Gandería VIEITES** Trazo

2º) **CASA NOVA** Mesía

XXV Concurso de Gando Frisón

Moexmu '11

Muimenta, Cospeito, Lugo 2 de Abril de 2010

Xuíz: **D. Francisco Javier Freije Freije** (Xuíz Nacional de Conafe)

Ganderías participantes: 22. Animais participantes: 68

Xatas ata 8 meses

1ª) **Cid Dancer Leluya** (Cid – Barreiros)

Xata Subcampiona

Xatas de 8 a 10 meses

1ª) **Cid Spirite Orfa** (Cid - Barreiros)

XATA CAMPIONA

Xatas de 11 a 13 meses

1ª) **Pozosaa Dolman 6928 Vanesa** (Pozo - Lugo)

Xatas de 14 a 16 meses

1ª) **Carteiro Dolman Pantoja** (Carteiro - Carballedo)

Xovencas de 17 a 19 meses

1ª) **Capon-Holstein Dolman Copa** (Capón – Chantada)

Xovencas de 20 a 26 meses

1ª) **Callobro Xacobeo Valdeteja** (Callobro - Trabada)

XOVENCA CAMPIONA

e GRAN CAMPIONA DE XOVENCAS

2ª) **Rei 487 Sorpresa Glinye** (Rei de Miñotelo - A Pastoriza)

Xovenca Subcampiona

Vacas en Lactación ata 30 meses

1ª) **Sandamil M.S. Megamagic Melani** (Sandamil - Castro de Rei)

Vaca Nova Subcampiona

2ª) **Xercas Cav Rula Burns** (Cavadas - Xermade)

Mellor Ubre

Vacas intermedias de 3 anos

1ª) **Callobro Vert. Plastilina G.Z.** (Callobro - Trabada)

VACA INTERMEDIA CAMPIONA

e VACA GRAN CAMPIONA

2ª) **Rey 454 Rosita Goldwyn** (Rei de Miñotelo - A Pastoriza)

Vaca Intermedia Subcampiona

Mellor Ubre

Vacas intermedias de 4 anos

1ª) **Cid Gibson Forxa** (Cid – Barreiros)

2ª) **Rey 425 Esquisita September** (Rei de Miñotelo - A Pastoriza)

Mellor Ubre

Vacas en lactación de 5 anos ou máis

1ª) **Cid Roy Muesle** (Cid - Barreiros)

VACA ADULTA CAMPIONA

Mellor Ubre

2ª) **Pozo Allen 5275 Mimosa** (Pozo - Lugo)

Vaca Adulta Subcampiona

Mellor Criador

1º) **REI DE MIÑOTELO** - A Pastoriza

2º) **CID** - Barreiros

Mellor Rabaño

1º) **POZO** – Lugo

2º) **CID** – Barreiros

Concurso de Manexadores

Sección 4ª: Persoas que teñan máis de 21 anos.

Alba Álvarez Núñez Casa Silvela - Vegadeo - Asturias

Santiago Filgueiras Pico Rapaces, SC - Monfero - A Coruña

José Luis Folgueira Fuente Farraqueiras - A Pastoriza - Lugo

Sección 3ª: Mozos entre os 16 e os 21 anos inclusive.

José Alberto Iglesia Vila Rei de Miñotelo - A Pastoriza - Lugo

Roi Capón Fernández Capón - Chantada - Lugo

Diego Santos Rodríguez A Pastoriza - Lugo

Sección 2ª: Mozos entre os 10 e os 15 anos inclusive.

María Manteiga Rodríguez Manteiga, SC - V. de Cruces - Pontevedra

Jorge Vázquez Cuñarro Capón - Chantada - Lugo

Esteban Iglesia Vila Rei de Miñotelo - A Pastoriza - Lugo

Sección 1ª: Rapaces menores de 9 anos.

Alex Iglesia Vila Rei de Miñotelo - A Pastoriza - Lugo

Lorena Iglesia Vila Rei de Miñotelo - A Pastoriza - Lugo

Laura López Cancela - Aguarda - Lugo

Sección 5ª - CAMPIONATO: Mellor e Segundo Mellor

Manexador Muimenta '11

Alba Álvarez Núñez **Campiona**

María Manteiga Rodríguez **Subcampiona**



Bos Pronto Lizipaina ET



Dupa-Shottle Roca Vera



Gran Campiona de Xovencas.
Callobro Xacobeo Valdeteja - Callobro - Trabada



Vaca Gran Campiona
Callobro Vert. Plastilina G.Z. - Callobro - Trabada

XIII Poxa de Xovencas de Santa Comba

Santa Comba, 10 de Abril de 2011.

Organizado por Africor-Coruña / Concello de Santa Comba

Animais presentados: 32 ; animais vendidos: 27

| Femia Subastada | Vendedor | Comprador | Prezo |
|---------------------------|-------------------|----------------------------|---------------|
| 3952 FARRAPA TALENT | S.A.T. A FARRAPA | S.A.T. FONTECOBA | 2.100 |
| CASTRO DOLMAN ROMERA 7852 | CASTRO SEGADE | MESTRE S.C. | 2.000 |
| ARO 470 NEMETON 157 | COOP. DE ARO | OVIDIO MANCEBO | 1.750 |
| FERRO LUPITA LUPINO | FERRO | MESTRE S.C. | 1.900 |
| DUPA SHOTTLE ROCA VERA | CASA GRANDE RODÍS | JORGE MÍGUEZ PRADO | 3.350 |
| XIROME RULA SIX | XIROME | JOSÉ ANDRÉS GARCÍA | 2.000 |
| FONTE CAN 1806 CHAMOSO | FONTE DO CAN | SANTA CRISTINA S.C. | 1.800 |
| CARREIRA ELEGANT 904 | CARREIRA S.C. | SANTA CRISTINA S.C. | 2.000 |
| VILAR AGUILA CHAMOSO | PEREZ DE VILAR | S.A.T. RIAL | 2.000 |
| NEREA 427 AIRRAID | VILAFERREIROS | JOSÉ LUIS CAO LISTE | 2.250 |
| MARAÑON VILAR MONTAÑA | MARAÑON S.C. | JOSÉ NÚÑEZ QUEIJA | 2.100 |
| SAAMIL SPIRTE 2684 PURA | SAAMIL | JORGE MÍGUEZ PRADO | 2.250 |
| XOLLOS ELENA ELEGANT | S.A.T. XOIOS | Mª ELISA CARBALLO LOIS | 1.900 |
| ARO 440 ELEGANT 154 | COOP. DE ARO | S.A.T. RIAL | 2.050 |
| DAKOTA ROJA | S.A.T. XOIOS | SANTA CRISTINA S.C. | 2.100 |
| BALEXO AINE 6174 | CASA BALEXO | SANTA CRISTINA S.C. | 1.850 |
| CESARES PARGA DANCER | CESARES HOLSTEIN | JOSÉ LUIS CAO LISTE | 2.250 |
| GRC 493 TOYSTORY | LANDEIRA S.C.G. | JOSÉ ANDRÉS GARCÍA | 2.500 |
| XOLLOS DIVINA DIVINO | S.A.T. XOIOS | SANTA CRISTINA S.C. | 2.200 |
| SARTES RODOLFA BOLTON | BENDAÑA BELLO | EDELIO GÓMEZ BOQUETE | 1.900 |
| BALEXO ACIBRO 6172 | CASA BALEXO | JOSÉ ANDRÉS GARCÍA | 1.950 |
| NUVEIRA PAMPA BUCKEYE | NUVEIRA | JORGE MÍGUEZ PRADO | 2.200 |
| RAPOSA 8910 TRIBUTE | GRANXA ARAN | EDELIO GÓMEZ BOQUETE | 1.750 |
| BOS MAC ORCA ET | UTE BOS FEFRIGA | GANDERÍA SINESIO S.C. | 2.800 |
| BOS DAMION RUADA ET | UTE BOS FEFRIGA | S.A.T. SAN VICENTE NIVEIRO | 3.600 |
| GRC 473 LOU | LANDEIRA S.C.G. | JOSÉ ANDRÉS GARCÍA | 2.100 |
| BOS PRONTO LIZIPAINA ET | UTE BOS FEFRIGA | S.A.T. BUSTO CORZÓN | 4.400 |
| TOTAL VENDAS | | | 61.050 |
| PREZO MEDIO VENDA | | | 2.261 |

A Finca de Bos vai pechar

Ante a falta de apoio institucional e drástica redución nas axudas que percibiamos para o seu funcionamento (40% en 2010, 50% en 2011, e ¿? 2012), a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva desta Federación víronse na difícil e complicada situación de ter que definir e aprobar as medidas máis axeitadas para proceder, de forma racional e programada, ó peche da Unidade de Transferencia Embrionaria de Bos que, según as previsións, pechará definitivamente as súas portas ó final do presente exercicio 2011.

Co obxecto de manter a transparencia, imparcialidade e igualdade de oportunidades para todos, que dende a súa creación vimos observando, todos os animais que compoñen actualmente o rabaño de Bos (+100), serán vendidos en “subasta pública”, dacordo co seguinte Programa:

| Poxa | Animais | Data | Lugar |
|------------------------|---------|---------------|------------------------|
| Poxa Castro | 3 | 4 de Xuño | Castro Ribeiras do Lea |
| Poxa Feiradeza | 3 | 12 de Xuño | Lalín |
| XVI Subhasta Top-Bos | 40 | 18 de Xuño | Silleda – Semana Verde |
| XVII Subhasta Top-Bos | 30 | 9 de Setembro | Guísamo – Bergondo |
| II Subasta Nacional | 2 | 1 de Outubro | Gijón - Asturias |
| XVIII Subhasta Top-Bos | +/-20 | 28 de Outubro | Guísamo - Bergondo |

Igualmente e a medida que se vaian decidindo, informarase na nosa web dos animais que se presentarán en cada unha delas.



Mentres uns pechan, outros abren

Coa irrupción da xenómica no mercado da selección da raza frisona, os diferentes programas de mellora están facendo as súas previsións e toman posición, ante as expectativas de mercado que esta nova tecnoloxía aporta, entre elas detectar, e a temprana idade, o individuo con maior potencial xenético entre un grupo de irmáns completos.

Un dos efectos que estamos a constatar da revolución que aporta a xenómica, é o inusitado protagonismo que está adquirindo a vía femia, chegando ó punto de que diferentes programas, empresas comerciais e incluso, os propios centros de inseminación artificial, están adquirindo as mellores femias xenómicas para telas en exclusividade (se se controlan as doantes contrólase o mercado).

Aínda que estas apreciacións poidan parecer esaxeradas, a situación real é así, e para comprobalo basta con acceder á web de Holstein USA, onde poderemos ver que entre os propietarios das “Top 200 Genomic Females for February 2011”, atópanse empresas como Select Sires Inc, World Wide Sires Germany, ALH Genetics BV ou Eurogenes. Tamén podemos mirar ó noso redor e comprobar que están facendo outros programas, bo exemplo delo é a resposta que recibimos do Dr. Kandzi de OHG (Osnabruk), e que reproducimos na seguinte páxina (Programa OHG).

Dacordo co anterior, consideramos que a ninguén, con un mínimo de sentido común, se lle poida escapar que a xenómica crea unha auténtica revolución nos programas de mellora e que, a pesar de que queda moito por andar, abre novas e interesantes perspectivas de negocio para os criadores. É certo que a grave crise económica que estamos vivindo obriga a reducir e racionalizar os gastos, sabémolo e compartímolo, non obstante e a pesar delo, non podemos entender e menos compartir, que por falta de apoio nos vexamos obrigados a cerrar a UTE de Bos, onde están aloxadas un bo grupo de femias con altos índices xenómicos (analizadas en USA) e menos nun momento como o actual, no que en España aínda non dispoñemos de avaliacións xenómicas e os programas de selección máis punteiros do mundo están evolucionando a pasos axigantados.

A visión de futuro da que fixeron gala Administración e gandeiros fai case 20 anos permitiu que a xenética de Galicia sexa coñecida e recoñecida no mercado Nacional e Internacional. Que nos vai deparar o futuro? non o sei,..., é difícil de predecir, pero en todo caso do que si estou convencido é de que, do noso traballo e decisións (boas ou malas) que hoxe adoptemos dependerán, en boa medida, os resultados que obteñamos mañán.

Programa OHG

De: Dr. Andreas Kandzi, Osnabruecker Herdbuch eG

Enviado: miércoles, 09 de Marzo de 2011 15:15

Muchas gracias por su interés en el programa de cría OHG. Hemos cerrado en septiembre de 2010, la estación de DonorTest y abrió la estación de donantes en diciembre de 2010.

Estamos muy convencidos de que vamos a tener un tremendo éxito en la selección- cría y gran influencia internacional también en el futuro por el nuevo programa OHG GeneScan.

Como centro de cría de vacas Holstein en Alemania, nos vemos obligados a invertir en tecnología moderna en lo que se refiere a selección y cría. Por ello comenzamos en 2009 con la selección genómica. Mientras tanto, hay dos grandes bloques en el mundo con resultados confiables - América del Norte (con EE.UU. y Canadá) y Europa (con Alemania, Países Bajos, Francia y Escandinavia) - la llamada "EuroGenomics".

A través de nuestra participación en la red "EuroGenomics" OHG tiene acceso a la población de referencia más grande y de mejor calidad en todo el mundo para la selección genómica con alrededor de 18.000 toros probados con hijas que proceden principalmente de todas las líneas de sangre europeas, así como de América del Norte. Todos los toros genómicamente testados y seleccionados por OHG como toros GeneScan se destinan amplia y directamente a la inseminación artificial.

Al mismo tiempo estos toros también son probados en rebaños contratados por OHG bajo condiciones de manejo muy diferentes - lo que es caro, por supuesto, pero que probablemente será particularmente beneficioso al final de todas nuestras inversiones.

*La selección genómica es una herramienta especial para compañías pequeñas pero financieramente fuertes, porque, con ella, la limitación de la capacidad de probar muchos toros en regiones pequeñas ya no existe. Junto a la alta concentración de gando a nivel regional, un nivel genético extremadamente alto en combinación con un tamaño de núcleo de **30.000 vacas de pedigrís Holstein de alta selección permite a OHG el progreso genético en la crianza de ganado lechero.***

*Para aumentar la eficiencia en la búsqueda de los toros jóvenes genéticamente superiores **nosotros invertimos también en la vía hembra** para crear madres de toros propias con gran demanda para la transferencia de embriones. Por lo tanto estamos continuamente analizando las mejores novillas jóvenes (el Top 200 de índice de pedigrí de entre 7.500). De esas 15 a 30 novillas GeneScan (las mejores por genómica) fueron utilizados como una de las fuentes para diseñar la siguiente generación de novillos. **Estas novillas GeneScan se alojan y se utilizan para MOET en el Centro de Selección Genómica de Osnabrueck (Estación de Donantes) – que abrió sus puertas en diciembre de 2010.***



O prefixo Bos

Dende a posta en funcionamento do Programa, Administración e gandeiros coincidimos na necesidade de indentificar os animais obtidos, a fin de, co tempo, ir acadando unha marca propia e de calidade que identificara a Xenética que estamos a producir en Galicia.

Con este obxectivo e dado que o Programa se desenrolaba na Finca de Bos, Propiedade da Xunta de Galicia, Consellería e Fefriga acordamos incluir no nome de tódolos animais o prefixo Bos. Co paso dos anos, demostrouse que foi unha decisión axeitada, hoxe o Programa Bos e coñecido e valorado en toda España e mesmo no extranxeiro, como o demostran os feitos seguintes:

- No Catálogo de Sementais de Conafe Novembro '2010, dos 2.453 touros publicados, 262 (10,68%) teñen o prefixo Bos (11 páxinas dun catálogo de 99).
- En tódolos números da revista Frisona Española publicados no 2010, nas páxinas adicadas ós animais con mellor cualificación aparecen algúns con prefixo Bos (65 MB ou EX).
- Cas recentes avaliacións xenómicas, animais con prefixo Bos, aparecen no ránking 1% mellor en Europa, Canadá e USA.
- Hoxe, calquer gandeiro ou técnico cando ve un animal con prefixo Bos, independentemente da súa produción e morfoloxía, sabe que se atopa ante un animal con un pedigree profundo, digno de ser estudado e a ter en conta.

Tendo en conta o exposto, non podemos entender que, por unha parte a Xunta de Galicia teña destinado, e destine, inxentes cantidades de diñeiro na promoción de marcas que identifiquen a Galicia e a calidade dos produtos galegos (Terneira Galega, Xacobeo, Galicia Calidade, denominacións de orixe, etc...) e por outra, a Consellería do Medio Rural e Xenética Fontao, S.A. (propiedade da Consellería nun 80%) non valoren nin fagan o mínimo esforzo, -máis ben todo o contrario,- por manter e potenciar a "marca" BOS (no novo programa desaparece), máxime tendo en conta que este nome provén dunha Finca da Xunta, e Imaxe de Galicia e dos seus gandeiros, dou a coñecer e introduxo no mercado Nacional e Internacional a Xenética que estamos a producir, e hoxe identifica plenamente o Programa e a Xenética Galega de Calidade, e todo isto, sen ter gastado en creala "nin un can". Como dicía Don Quixote: "**Cousas veredes amigo Sancho...**"

Unha delegación do Goberno das Illas Azores visita a U.T.E. de Bos

Manuel Cruz

Co obxectivo de crear un centro similar que sirva de apoio ó Programa Experimental de Transferencia Embrionaria que están a desenvolver nesta Rexión Autónoma de Portugal

Unha delegación do Goberno da Rexión Autónoma das Azores (Portugal), visitou o pasado día 14 de Febreiro as dependencias da Unidade Transferencia Embrionaria de Bos para coñecer como funciona o Programa de Mellora Xenética que está a desenvolver alí FEFRIGA, a Federación Frisoa Galega e a Consellería do Medio Rural. A comitiva estivo composta por Antonio Miguel Arieiro Gonçalves Bezerra, Coordinador dos Servizos de Desenvolvemento Agrario dos Açores, e Ana Luisa Pavao, Coordinadora do Programa de Transferencia Embrionaria da Dirección Regional do Desenvolvemento Agrario, acompañados de Samuel Pinto, o secretario técnico da Asociación Holstein de Portugal.

Durante a súa visita puideron coñecer máis de preto o funcionamento da U.T.E. de Bos, donde desde 1992 se traballa na mellora, vía femia, da cabana de vacún de leite galego. Isto permitiu a creación dun rabaño de vacas de elite doadoras de embrións, dos que os machos pasan a formar parte do centro galego de sementais de Xenética Fontao (Lugo), mentres que as femias se distribúen polas explotacións galegas para continuar coa mellora dos rabaños. Desde 1994 a U.T.E. de Bos leva producidos máis de 5.600 embrións, aos que hai que sumarlle outros 5.800 producidos en explotacións colaboradoras.



Proxecto similar nas Azores

A rexión autónoma das Azores (Portugal), que ten no vacún de leite un dos seus principais sectores económicos, iniciou hai 3 anos un Programa Experimental de Transferencia Embrionaria na illa Graciosa, aproveitando o privilexiado status sanitario desta illa. Importaron embrións de alta calidade xenética de Canadá e Francia e na actualidade contan xa cunha primeira xeración de 30 doadoras de embrións. Agora queren trasladar este programa a outras illas da rexión, creando como base en Graciosa unha Unidade de Transferencia Embrionaria e un Centro de Recría de doadoras. Como indicou Ana Luisa Pavao, "queremos crear unha estrutura que apoie este traballo, a semellanza da UTE de Bos. Parécenos que é unha unidade de referencia para nós e queremos adaptar algunhas das ideas que vimos aquí para mellorar o noso programa, e aproveitar a experiencia de 19 anos de traballo que leva este centro".

A gandería de bovino, e nomeadamente a de leite, é a principal actividade económica, xunto co turismo destas illas situadas no medio do Océano Atlántico. Contan cunha cabana gandeira de 250.000 cabezas, máis que a poboación das nove illas, que rolda os 245.000 habitantes. A súa gandería de leite faise principalmente en explotacións extensivas que basean a súa produción no pastoreo, e a súa produción leiteira destínase case integramente á exportación a ambos lados do Atlántico, en forma de queixos, manteiga, leite en pó e leite líquido.

Visita do PSdeG

O pasado día 5 de Marzo tiñamos a satisfacción de recibir en Bos a unha **Delegación de Parlamentarios do Partido Socialista de Galicia**, encabezada por Dna. Sonia Verdes (Portavoz de dito Grupo na Comisión de Agricultura do Parlamento de Galicia), acompañados da Sra. Alcaldesa de Bergondo Dna. Alejandra Pérez Máquez.

Ó longo da visita, os Sres. Parlamentarios **interesáronse polos traballos que se están realizando na propia Unidade**, traballos de campo, resultados que se obteñen, impacto do Programa Bos na Mellora da Cabana Frisona Galega, etc... tralo cal e **ante o posible peche da UTE de Bos manifestáronnos o apoio do Grupo Socialista e comprometéronse a presentar, e defender no Parlamento, unha moción en defensa da súa continuidade.**

Dende estas páxinas queremos **agradecer o interese que amosaron polo Programa**, así como pola iniciativa que na súa defensa teñen previsto presentar no Parlamento de Galicia.

Moitas gracias.



BARREIRA

Tratamiento antideslizante de patios

Un paso seguro!!

626 25 84 44 (Iván)

608 080 528 (Manolo)



Rayado de pisos



Solidaridade co Programa Bos

Moitos son os Gandeiros, Técnicos, Asociacións, Cooperativas, Concellos e incluso Grupos Parlamentarios que nos teñen manifestado o seu apoio e solidaridadesde ante a situación que estamos a afrontar respecto ó Programa Bos. Dende estas páxinas queremos manifestar a todos eles o noso máis sinceiro agradecemento, e de maneira especial, o Clube de Xóvenes Gandeiros, a Conafe e tamén o grupo de Gandeiros, Técnicos, Cooperativas e Asociacións de Andalucía, Castela-A Mancha, Madrid e Cataluña polo escrito que nos remitiron (publicado na Voz de Galicia e O Progreso de Lugo) e que, íntegra e textualmente, reproducimos a continuación.

“Un canto a Galicia”

El próximo año se cumplirán 20 de uno de los convenios de colaboración, en materia de desarrollo ganadero, más importantes creados nunca en España.

Corría 1992 cuando, fruto de la labor de unos visionarios que en aquel momento dirigían unos la Xunta de Galicia y otros la Federación Frisona Galega, comenzó todo.

El objetivo: la mejora de la cabaña en Galicia y de las ganaderías mediante la colaboración de la administración (XUNTA) y los ganaderos (FEFRIGA). Se busca conseguir los mejores sementales y las mejores vacas donantes de embriones.

Han pasado 19 años y diferentes avatares: económicos (crisis y bonanzas) y políticos (diferentes gobiernos en la Xunta). Actualmente, tanto el centro de sementales de Fontao, propiedad de la Xunta y dirigido por ésta, como el centro de vacas donantes de embriones de Bos, propiedad de la Xunta y gestionado por la asociación de ganaderos, están técnicamente y por el nivel genético de sus animales a la altura de los mejores del mundo.

¿Cómo se ha logrado esto?

Algunas cifras nos pueden ayudar a entenderlo:

- En Galicia se ha pasado de 1.100 explotaciones y 48.000 animales registrados a unas **4.000 explotaciones y 300.000 animales** registrados.
- En el centro de Fontao se pasó de unos 20 toros en prueba al año a unos 70 actualmente. El semen de los toros de Fontao se comercializa en multitud de países y **cuenta con sementales en la élite mundial.**
- En el centro de donantes de Bos se empezó con **11 vacas donantes y hoy hay 120 hembras**. En Bos están reunidas **las mejores familias de vacas del planeta**. Por ejemplo, genéticamente, **entre las cinco mejores hembras de Europa dos están en Bos.**

Durante todos estos años el programa ha comprado e implantado unos 2.400 embriones de las mejores líneas existentes. Bos por su parte ha producido unos 5.600 embriones. Por otro lado, los técnicos del centro han implantado unos 5.700 embriones producidos ya por las propias granjas, muchos de ellos procedentes de las casi 3.200 hembras nacidas del programa. Además, éste ha aportado a Fontao más de 600 toros.

Técnicamente, ambos centros cuentan con las más avanzadas tecnologías y un personal científico puntero a nivel internacional y en continua formación. Sirva como ejemplo que en Bos se han formado más de 80 especialistas en transplantes embrionarios.

Por lo antes expuesto y ante la noticia del posible cierre de Bos, nosotros, un grupo de ganaderos, cooperativistas y veterinarios de diferentes zonas de España, con vistas al futuro y con el propósito de aprovechar lo más posible el gran esfuerzo ya realizado en este centro, manifestamos lo siguiente:

- 1º **Bos debe seguir funcionando** coordinadamente con Fontao para optimizar al máximo su potencial.
- 2º **Bos debe seguir siendo de propiedad pública** para que su labor continúe llegando a todos por igual y sin privilegios.
- 3º **Bos debe seguir formando** a los mejores veterinarios especialistas en estas tecnologías.
- 4º **Bos debe seguir como centro** para que sus técnicos independientes continúen **controlando los procesos científicos** sin ceder a modas pasajeras o a maquillajes de marketing.
- 5º **Bos debe seguir expandiéndose** porque es el auténtico I+D+I que requiere el futuro.
- 6º **Bos debe seguir vendiendo por el mundo** la imagen de la Galicia moderna.

Bos y Fontao son ejemplo de constancia y buen hacer, y sus animales “tesoros vivientes de Galicia”, un patrimonio que pertenece a todos. Preservémoslo para las generaciones futuras.

Un Xperto en el trabajo

PU



NUEVO !

Más confortables
horma más ancha



Más seguras
puntera más alta



Más antideslizantes
perfil de suela mejorado
SRC aprobado



BEKINA
boots built to last.

steplite[®]X

Las botas Bekina
están disponibles con
su distribuidor local



T 985 985 827
WWW.PROA.PL.COM

T 942521098
WWW.ZARSOLARES.COM

INFO@BEKINA.BE
WWW.BEKINA.BE

I Concurso de Preparadores Arzúa '11

Arzúa, A Coruña, 19 de marzo de 2011

| NOME | IDADE | PUNTOS | GANDERIA | LOCALIDADE-PROV |
|----------------------------------|-------|--------|-----------------|-----------------------------|
| JOSÉ M ^o PÉREZ GARCÍA | 25 | 119,5 | PÉREZ, SC | PALAS DE REI - LUGO |
| JOSÉ ALBERTO IGLESIA VILA | 19 | 111,5 | REI DE MIÑOTELO | A PASTORIZA - LUGO |
| SANTIAGO FILGUEIRAS PICO | 23 | 102 | OS RAPACES | MONFERO - A CORUÑA |
| ALBA ÁLVAREZ NÚÑEZ | 23 | 101 | CASA SILVELA | VEGADEO - ASTURIAS |
| MARÍA MANTEIGA RODRÍGUEZ | 15 | 96,5 | MANTEIGA | VILA DE CRUCES - PONTEVEDRA |
| ROI CAPÓN FERNÁNDEZ | 21 | 90,5 | CAPÓN | CHANTADA - LUGO |
| CRISTINA CARRO IGLESIAS | 12 | 67 | CASA NOVA | MESÍA - A CORUÑA |
| JORGE VÁZQUEZ CUÑARRO | 10 | 56,5 | CAPÓN | CHANTADA - LUGO |
| XOAN MANOEL DONO LÓPEZ | 9 | 47 | DONO | FRADES - A CORUÑA |

CAMPIONATO: Mellor e Segundo Mellor Preparador Arzúa '11

José M^o Pérez García **Campión**

José Alberto Iglesia Vila **Subcampión**



**Xóvenes
Gandeiros
de Galicia**

se tes o que
hai que ter...

ASOCIATE

I Concurso de Manexadores Arzúa '11

Arzúa, A Coruña, 19 de marzo de 2011

Sección 1ª : Rapaces menores de 9 anos.

Xoan Manoel Dono López Dono - Frades - A Coruña

Brais Tato Bravo Tato Bravo, SC - Touro - A Coruña

Alba García Varela Arzúa - A Coruña

Sección 2ª: Mozos entre os 10 e os 15 inclusive.

Cristina Carro Iglesias Casa Nova - Mesía - A Coruña

María Manteiga Rodríguez Manteiga - Vila de Cruces - Pontevedra

Juan José Carro Mareque Casa Nova - Mesía - A Coruña

Sección 3ª: Mozos entre os 16 e os 21 anos inclusive.

Roi Capón Fernández Capón - Chantada - Lugo

José Alberto Iglesia Vila Rei de Miñotelo - A Pastoriza - Lugo

Diego Santos Rodríguez A Pastoriza - Lugo

Sección 4ª: Persoas que teñan máis de 21 anos.

Vanessa Carro Iglesias Casa Nova - Mesía - A Coruña

Alba Álvarez Núñez Casa Silvela - Vegadeo - Asturias

Santiago Filgueiras Pico SAT Os Rapaces - Monfero - A Coruña

Sección 5ª - CAMPIONATO: Mellor e Segundo Mellor

Manexador Arzúa '11

Roi Capón Fernández **Campión**

José Alberto Iglesia Vila **Subcampión**



Campionato
puntuable
2011 !!!
Vémonos en
Silleda.....



Libro Xenealóxico

“Dende o 1 de xaneiro para o rexistro de calqueira macho, o propietario deberá achegar xunto á Declaración de Nacemento as correspondentes probas de filiación (pai e nai)”

Rexistro de machos

A fin de evitar os retrasos na realización das obrigatorias probas de filiación a tódolos machos inscritos no Rexistro Xenealóxico, a Xunta Directiva de Conafe, na súa reunión do día 22 de Xuño de 2010, tomou os acordos seguintes:

- Que non se estableza límite de idade para o Rexistro de machos (non se penalizarán por inscrición “fóra de prazo”).
- Que para o rexistro de calquera macho o propietario deberá **presentar obrigatoriamente**, xunto á Declaración de Nacemento, as correspondentes **probas de filiación (pai e nai)**.
- Dita norma é de **obrigado cumprimento** para o rexistro de calquera macho, dende o día 1 de Xaneiro de 2011.

Plan Piloto de Rexistro sen Silueta

Toda gandería de Galicia que desexe rexistrar o seus animais sen silueta, poderá solicitar a súa incorporación ó PPRSS (Plan Piloto de Rexistro sen Silueta).

A adhesión implica:

- 1º) A partir da data de admisión, todos os animais da explotación que se incorpore ó PPRSS, serán rexistrados sen silueta (programa de rexistro diferente).
- 2º) Cando se transfira un animal dunha explotación adherida ó Plan a outra gandería non adherida (sexa de Galicia ou de outra Comunidade Autónoma), o gandeiro deberá cumprimentar a silueta no Certificado de Rexistro, sobre a cal, a Asociación/Federación vendedora porá o seu selo (validación).
- 3º) O mesmo proceso do punto 2º deberá seguirse cando un animal participe nun Concurso Nacional, ou calquera outro Concurso no que se esixa silueta.
- 4º) É tamén obrigatorio remitir a Fefriga o Certificado cumprimentado ca silueta para calquera animal do que se solicite a súa Carta Xenealóxica (exportación, poxa, etc...).

Para a incorporación dunha explotación de Galicia ó PPRSS, o seu propietario ou representante **deberá solicitalo por escrito a FEFRIGA** por medio do correspondente impreso de solicitude.

axenda 2011

| | |
|-------------------|--|
| 4 de Xuño | POXA EN CASTRO RIBEIRAS DO LEA - Lugo |
| 11/12 de Xuño | XVIII CONCURSO FRISÓN FEIRADEZA - Lalín - Pontevedra |
| 16-19 de Xuño | XXXIV FEIRA INTERNACIONAL SEMANA VERDE DE GALICIA - Silleda - Pontevedra |
| | XX CONCURSO AUTONÓMICO DA RAZA FRISONA FEFRIGA '2011 |
| | XVI SUBHASTA TOP-BOS |
| | IV CONCURSO DE PREPARADORES DE GANDO SEMANA VERDE '2011 |
| | XXVII CONCURSO DE XÓVENES MANEXADORES "MEMORIAL LUIS LOUZAO" '2011 |
| 9 de Setembro | XVII SUBHASTA TOP-BOS |
| 22/25 de Setembro | XXXII CONCURSO NACIONAL DE OTOÑO CONAFE '11 - Gijón - Asturias |
| | II SUBASTA NACIONAL CONAFE '11 |
| 22/23 de Outubro | XV CONCURSO FRISÓN BECERRA SELECTA '11 - A Estrada - Pontevedra |
| 28 de Outubro | XVIII SUBHASTA TOP-BOS |
| 5 de Novembro | POXA EN CASTRO RIBEIRAS DO LEA - Lugo |
| 20 de Novembro | V POXA DE XOVENCAS DE MAZARICOS '11 - A Coruña |

O Inega pon en marcha axudas para o fomento de caldeiras de biomasa en edificios do sector público

Con esta nova actuación, impulsada polo Instituto adscrito a Economía e Industria, preténdese remarcar o carácter exemplar das administracións mediante a potenciación da biomasa como fonte limpa que achega unha solución integral para a produción de calefacción, a xeración de auga quente sanitaria ou para a climatización de piscinas.

O Instituto Enerxético de Galicia (Inega), adscrito a Economía e Industria, acaba de abrir o 29 de abril o prazo para solicitar unha nova convocatoria de axudas para mellorar a eficiencia no sector público, ás que destina un orzamento global de 353.344 euros. As subvencións, que permanecerán abertas ata o 30 de maio, están dirixidas a desenvolver proxectos para a instalación de caldeiras de biomasa en edificios que presentan unha gran demanda enerxética, coas que se posibilitará un investimento asociado de preto de 1 millón de euros e a redución anual dunhas 1.500 toneladas de CO₂ á atmosfera.

Mediante estas axudas coas que se reforza o impulso do Inega e de Economía e Industria ás fontes renovables, trátase de impulsar nas administracións públicas o desenvolvemento de instalacións para a produción de enerxía térmica mediante caldeiras e equipamentos homologados que utilicen a biomasa como combustible.

“Esta nova actuación do Inega ten así un carácter exemplar, pois parte do sector público e ademais mediante ela incéntivase a biomasa como fonte renovable que achega unha solución integral, posto que serve para a produción de calefacción, para a xeración de auga quente sanitaria ou para a climatización de piscinas”, sostivo o director do Instituto, Eliseo Diéguez, na presentación desta liña de axudas.



Cobertura da subvención

Serán obxecto de subvención as instalacións para produción de enerxía térmica mediante caldeiras e equipamentos homologados que utilicen biomasa como combustible sempre que a potencia nominal da instalación sexa superior a 50 kW. A contía da subvención será dun máximo do 45% do investimento, cunha axuda límite por proxecto de 50.000 euros.

Os límites máximos adicionais de subvención por tipo de instalación e potencia son de 175 euros/kWt para instalacións municipais e de 125 euros kWt para o resto de casos. “Unha vez máis, o departamento que dirixe Javier Guerra mostra sensibilidade coa Administración local, cunha porcentaxe subvencionable maior nesta liña de axudas, ao igual que ocorre co programa xeral de axudas a proxectos de enerxías renovables e de aforro enerxético”, sostivo o director do Inega.

Beneficiarios

Poderán acollerse a estas axudas as administracións públicas ou fundacións titulares dos inmobles onde se pretenda instalar unha caldeira de biomasa destinada a calefacción, xeración de auga quente sanitaria ou climatización de piscinas. Baixo o concepto de administracións públicas englobábase ademais da Administración xeral do Estado, da Administración autonómica e da Administración local, os entes que integran o sector público: organismos autónomos, axencias públicas, entes públicos empresariais, consorcios e outras entidades como as fundacións e as sociedades públicas.

Tamén poderán optar a unha destas axudas as empresas de servizos enerxéticos (ESE's) que teñan contratada cunha administración a implantación dunha ou varias caldeiras de biomasa nos seus edificios. Trátase de potenciar a instalación desta fonte renovable naquelas administracións como a local que presentan especiais dificultades pola actual conxuntura económica, posto que a través das ESE's o pago dos servizos que estas empresas prestan se basea na obtención de melloras de eficiencia e no cumprimento dos requisitos de rendemento acordados de antemán no correspondente contrato asinado coa entidade pública.


Os formularios para solicitar unha axuda deberán ser obtidos, cubertos e validados polo solicitante a través da dirección <http://www.inega.es> ou ben desde o enderezo <http://www.xunta.es/axudasinega2011> da Xunta de Galicia. As solicitudes poderán presentarse en formato electrónico ante o rexistro telemático ou ben en formato papel no rexistro único do Inega, así como nos rexistros habilitados ao efecto.

Mediante esta nova liña de axudas, que xerarán un investimento asociado de 1 millón de euros e a redución de 1.500 toneladas de CO₂ anuais á atmosfera, refórzase o impulso ás enerxías renovables.



O director do Inega, Eliseo Diéguez García

NUDESA
NUTRIMENTOS DEZA, S.A.



*Alimentando **Bos***

www.nudesa.com • Tel. 986 581 200